



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Antonio Losada Trabada como secretario xeral e de Relacións Institucionais.
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Antonio Javier Ferreira Fernández como secretario xeral e de Relacións Institucionais
- Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproban os estatutos da Sociedade Anónima Xestora do Banco de Terras de Galicia (Bantegal).
- Decreto polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, e a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a mellora na subministración eléctrica do Parque Empresarial O Pousadoiro.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Mazaricos para a urbanización da zona industrial do parque empresarial de Mazaricos.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Ponte Caldelas para a mellora na subministración eléctrica na 1ª fase do Parque empresarial do Campiño.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Ortigueira para a rexeneración dun noiro e a reparación da vía con ampliación da superficie no parque empresarial de Ortigueira.

- Proxecto de acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración ente o Instituto Galego da Vivenda e Solo, a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Melide para a mellora na subministración eléctrica e instalación dunha depuradora modular no parque empresarial de Melide.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza unha transferencia de crédito por importe de nove millóns catrocentos dezaioito mil catrocentos tres euros con corenta e seis céntimos (9. 418.403,46) de dotacións non utilizadas no orzamento de gastos da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ao programa 621B 'Imprevistos e funcións non clasificadas', para a súa posterior reasignación.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Santiago de Compostela para a execucións de diversas actuacións en contornos urbanos que permitan cubrir as necesidades xerais e, en especial, as previstas pola celebración do Ano Santo 2010

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianual con motivo da orde pola que se establecen as bases e se convocan axudas para financiar o mantemento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o curso escolar 2007/2008.



- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado do expediente para a contratación da obra de construción da fase I da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia en Vigo.



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación Rapa das Bestas*, para a actuación no contorno do Campo do Medio de Sabucedo, na Estrada (Pontevedra)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, o *Club Financiero de Vigo* e a *Fundación Empresa-Universidade Galega* (Feuga) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para o desenvolvemento de actividades da Aula de Investigación e Innovación.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia*, para a realización do *Diccionario Enciclopédico das TIC*.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e *Xestión Urbanística da Coruña S.A.*, para a execución do proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira, nas Pontes de García Rodríguez.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria, a *Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia*, a *Asociación Gallega de Fabricantes de Maquinaria para Piedra* (GALIMAC), a *Asociación Galega de Graniteiros* (AGG), a *Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense* (APG), a *Asociación Gallega de Pizarristas* (AGP), a *Asociación para el Fomento de la Investigación Cerámica en Galicia* (Aficega), a *Asociación Galega de Áridos* (AGA) e a *Asociación de Canteiras de Galicia* (ACG), para a realización de actuacións que fomenten a dinamización e modernización do sector mineiro e de accións formativas coas que divulgar e fomentar a prevención de riscos laborais.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a addenda de modificación do convenio de colaboración suscrito con data 6 de xuño de 2005, entre a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e o concello de Val do Dubra (A Coruña), para a realización de obras de infraestrutura rural.
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de alargamento e mellora da E.P. 9701 Baión-András (András-Sobeira, en Vilanova de Arousa), sobre a dos montes veciñais en man común Andrés e Lobeira e outros, pertencentes ás comunidades de montes veciñais en man común de Andrés



de Tremeoedo respectivamente, no concello de Vilanova de Arousa, promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra.

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de Infraestrutura Rural 2007 (PIR-FC-Friol).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural 2007 (FC-PEIM Rural-Bergondo...Viveiro).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (FP-PEIM Rural-Porto do Son... Pontearreas).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Plan de Infraestrutura Rural 2007 (PIR-FP-Melide...Riotorto)
- Acordo polo que se ratifica a sinatura dun convenio de colanoración entre a Consellería do Medio Rural e o Centro de Información Geográfica, para o desenvolvemento do sistema de información sobre ocupación do solo en España (SIOSE) e se valida o gasto derivado del.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia-BOAGA, para a implantación dun programa de desenvolvemento de aproveitamento silvopastorís en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da cláusula adicional trixésimo cuarta, que substitúe a trixésimo primeira, do concerto do 29 de decembro de 2000, establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o *Hospital Povisa S.A.*, polo que se fixan as tarifas da actividade asistencial para o Servizo Galego de Saúde, se establece o importe máximo anual, se fixan as tarifas da actividade realizada polo Hospital Povisa aos hospitais do Servizo Galego de Saúde e se establecen os obxectivos de calidade asistencial no período que vai do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2007.



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración en materia de divulgación pesqueira entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e o Concello da Illa de Arousa para a realización de obras de acondicionamento do edificio da antiga fábrica de Conservas de Goday, para actividades museísticas e de divulgación sobre o mar e a pesca.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun curso de especialización de posgrao, baixo a denominación de Curso superior de relacións laborais (XVII edición).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se aproba a addenda ao convenio de colaboración asinado o día 10 de maio de 2007 entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Lugo.
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual da Consellería de Vivenda e Solo para a sinatura dun convenio coa Universidade da Coruña para o financiamento dun mestrado e o impulso dos estudos xurídicos sobre vivenda e solo na Universidade da Coruña.
- Acordo de inicio do procedemento de elaboración e aprobación do Plan sectorial de vivenda de Galicia, de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia en relación cos artigos 22 e seguintes da Lei de ordenación do territorio de Galicia

INFORMES

CONSELLERÍAS DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES E VIVENDA E SOLO

- Informe polo que as consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e de Vivenda e Solo dan conta do contido do anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo



O GOBERNO GALEGO APROBA O DECRETO QUE REGULA O RECOÑECEMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

- *O decreto establece ademais o dereito aos servizos e as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia en Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito aos servizos e ás prestacións económicas do sistema galego de atención á dependencia. O texto tamén determina a composición e as funcións dos órganos competentes para a valoración das persoas en situación de dependencia en Galicia.

Requisitos

O decreto fixa os requisitos que deben ter as persoas con dereito ao recoñecemento da situación de dependencia en Galicia. De acordo co establecido na Lei de dependencia, terán dereito ao recoñecemento como dependentes aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos: atoparse en situación de dependencia nalgún dos graos establecidos na lei; ter acreditada a residencia en territorio español durante cinco anos (dous deles inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude) e residir na actualidade en calquera municipio de Galicia no momento de presentar a solicitude; e por último, os emigrantes retornados tamén poderán acceder aos servizos e prestacións do sistema en tanto non cumpran o requisito do período de residencia no territorio español.

O decreto explica que lle corresponde ao departamento autonómico competente en materia de servizos sociais a tramitación dos procedementos para o recoñecemento da situación de dependencia e, de ser o caso, do dereito aos servizos e as prestacións económicas do sistema. As prestacións á que teñen dereito as persoas dependentes poderán ter natureza de servizos ou de prestacións económicas, pero, en calquera caso, a prestación de servizos será sempre prioritaria. Só no caso de non ser posible a prestación de servizos, se procederá ao recoñecemento de prestacións económicas. O decreto engade ademais que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención á dependencia nos termos establecidos no decreto e demais normativa autonómica en materia de servizos sociais.

Órganos valoración

O texto establece a composición e as funcións dos órganos de valoración e asesoramento da dependencia, así como o funcionamento do procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia. Os órganos de valoración e asesoramento están formados por profesionais da área social e sanitaria e cada un deles está integrado, como mínimo, por un médico, un psicólogo e un traballador social.



Segundo establece o decreto, o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito aos servizos e ás prestacións iniciarase por instancia da persoa que poida estar afectada por algún grao de dependencia, unha vez que presente a súa solicitude (segundo modelo normalizado e acompañada da preceptiva documentación). O decreto recolle os pasos a seguir no proceso de valoración da dependencia, que remata cunha resolución de recoñecemento da situación de dependencia, que determinará o grao e nivel de dependencia da persoa solicitante e os servizos ou as prestacións que lle corresponden, que se determinarán logo nun programa individual de atención, onde se adecúan as necesidades da persoa solicitante coas posibilidades que ofrece o seu contorno. No decreto explícanse ademais os recursos que se poderán interpor e as causas válidas para solicitar unha revisión do grao ou nivel de dependencia, do programa individual de atención e das prestacións recoñecidas.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes presentadas con anterioridade a esta data resultarlles de aplicación o procedemento previsto neste decreto.

Na implementación do sistema galego de atención á dependencia, ademais deste decreto aprobado hoxe para regular o procedemento para o recoñecemento da dependencia, proximamente autorizarase o decreto que regula o catálogo de servizos e prestacións económicas do sistema para a autonomía e a atención á dependencia en Galicia. Trátase do texto que vai regular os servizos e as prestacións que van recibir os galegos e galegas unha vez teñan recoñecida a situación de dependencia.

BANTEGAL S.A. CONFIGÚRASE COMO A SOCIEDADE XESTORA DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aproba os estatutos de Bantegal, que regulará a transmisión dos bens e dereitos incluídos no banco e do seu inventario*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto da Consellería de Economía e Facenda polo que se aproban os estatutos da sociedade xestora do Banco de Terras de Galicia, iniciativa recollida na Lei 7/2007, de 21 de maio, promovida pola Consellería do Medio Rural. Tal e como se recollía na lei, Bantegal configúrase como sociedade pública autonómica e ten por obxecto social a xestión dos bens e dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia, polo que constitúe un medio instrumental propio e un servizo técnico da Administración autonómica.

O Banco de Terras é un inventario de todos os predios rústicos, bens e dereitos, con independencia da súa titularidade, que pode ser da Comunidade Autónoma, de particulares, cedentes ou do Bantegal. Os bens e dereitos incorporados ao banco terán destinos diversos como a ampliación da base territorial de explotacións existentes e en funcionamento; a ampliación e mellora de proxectos agrarios prioritarios; a primeira instalación de agricultores novos; ou a creación ou ampliación da base territorial de cooperativas agrarias e outras actividades agrarias. En definitiva, trátase dun instrumento orientado á dinamización e posta en valor das terras e as explotacións agrogandeiras de Galicia.

Segundo os estatutos aprobados hoxe polo Goberno galego, á nova sociedade encoméndaselle a realización do servizo de transmisión dos bens e dereitos integrantes do Banco polo que manterá, con carácter permanente, unha relación actualizada dos bens, coa procedencia, titularidade e o destino de todos os inmobles e dereitos reais que integren o banco de terras. Neste sentido, os estatutos recollen que esta relación estará á disposición do órgano competente en materia de agricultura e medio rural, así como de todos aqueles interesados.



O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA AMPLIARÁ O SEU ÁMBITO DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS AO CONXUNTO DAS EMPRESAS E SECTORES GALEGOS

- *O instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda destinará este ano 10 millóns de euros do convenio asinado co BEI para o financiamento das pemes galegas*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) poderá conceder préstamos e créditos a empresas domiciliadas en Galicia logo da aprobación polo Consello da Xunta do decreto polo que se modifica o Decreto 133/2002, de 11 de abril, que regula esta facultade no Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda. Con esta aprobación, o Igape amplía as súas competencias e capacidade de apoio ás empresas galegas mediante liñas de financiamento crediticio, reforzando así o obxectivo de impulsar a actividade económica e a competitividade.

Neste mesmo sentido, o Igape destinará este mesmo ano 10 millóns de euros a liñas de financiamento de pemes galegas, logo da autorización dunha modificación do seu orzamento, tamén aprobada hoxe. Esta medida, está vinculada ao convenio formalizado o pasado mes de xuño co Banco Europeo de Investimentos (BEI) polo que o Igape poderá obter ata 30 millóns de euros da entidade europea para o financiamento de proxectos de pemes galegas. O obxectivo desa medida é ter un fluxo de financiamento das pemes e dos proxectos emprendedores para fortalecer a competitividade empresarial. Dito convenio supuxo a apertura dunha nova actividade no Igape que obtén recursos no sistema financeiro para achegar ás empresas galegas.

O impulso da facultade crediticia para o conxunto das empresas galegas obedece á boa aceptación destas fórmulas, así como á actual tendencia dos programas públicos de apoio empresarial. As directrices da Unión Europea neste sentido oríentanse cara a utilización de instrumentos e programas de axudas reintegrables, polo que a iniciativa aprobada hoxe polo Goberno galego avanza nesa liña, na que tamén se incardinan recentes iniciativas do Igape.

Segundo o decreto aprobado hoxe, o Igape poderá conceder préstamos ou créditos de acordo cos requisitos e características establecidas nos programas que aprobe a tal efecto, e que establecerán os requisitos dos posibles beneficiarios, o destino dos fondos, o prazo e as condicións das operacións. Calquera outro tipo de operación deberá ser expresamente autorizada polo Consello da Xunta.



A XUNTA DESTINA 12 MILLÓNS DE EUROS A APOIAR MEDIDAS DE MODERNIZACIÓN E SEGURANZA NO SECTOR DE TRANSPORTES GALEGO

- *Os beneficiarios desta medida son máis de 10.000 transportistas de mercadorías e pasaxeiros*
- *A orde de axudas será aprobada nas próximas semanas*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta mañá unha transferencia de crédito no orzamento da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes que permitirá pór en marcha o programa de axudas aos transportistas galegos que ten como obxectivo apoiar a modernización do sector e a súa seguranza. A operación autorizada pola Consellería de Economía e Facenda e aprobada polo Consello alcanza os 9,41 millóns de euros, que se ampliará ata os doce millóns de euros na orde de axudas que nas vindeiras semanas aprobará a Consellería de Política Territorial.

As axudas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte beneficiarán a máis de 10.000 transportistas de mercadorías e pasaxeiros.

O programa de axudas fora anunciado no mes de maio como medidas para apoiar os profesionais e as empresas galegas do sector do transporte de persoas e mercadorías. O obxectivo é promover accións de modernización do sector mediante unha orde de axudas que inclúe no seu ámbito investimentos para a incorporación de novas tecnoloxías (sistemas de control de flotas por GPS, renovación de frotas...); melloras ambientais (certificados de calidade ambiental ISO, cumprimento das normativas europeas de eficiencia nas emisións, emprego de combustibles alternativos como o biodiésel, etcétera); e fomento da seguranza (programas de prevención de riscos laborais, etcétera).

POLÍTICA TERRITORIAL ACHEGARÁ 10 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DOS ACCESOS A SANTIAGO DE COMPOSTELA CON MOTIVO DO ANO SANTO 2010

- *O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a consellería e o concello compostelano*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes achegará un total de 10 millóns de euros en catro anos, para realizar diversas actuacións de mellora dos contornos urbanos nos accesos a Santiago de Compostela con motivo da celebración do Ano Santo 2010.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Santiago de Compostela para realizar as obras, que se centrarán nos accesos viarios da cidade, como son a ponte do Romaño-rúa do Pombal, o Camiño Novo-Volta do Castro, a avenida Castelao e a avenida das Fontiñas.

As actuacións de mellora inclúen unha nova pavimentación rodada, a construción e acondicionamento das beirarrúas, eliminación de barreiras arquitectónicas, implantación de servizos urbanísticos e dotación de mobiliario urbano. Estas obras teñen como obxectivo cubrir as necesidades de acceso á cidade da multitude de visitantes que se esperan para o vindeiro ano Xacobeo.

Pola súa banda, o Concello de Santiago tamén colaborará no financiamento destas actuacións cunha achega de catro millóns de euros e, ademais, encargárase de realizar os documentos técnicos que sexan necesarios

EDUCACIÓN INVISTE 1 MILLÓN DE EUROS EN AXUDAS AOS COMEDORES ESCOLARES QUE XESTIONAN AS ANPA E QUE BENEFICIARÁN MÁIS DE 6.000 ALUMNOS

- *Esta nova convocatoria súmase ás dúas realizadas pola Administración educativa en 2006 e 2007, nas que este departamento investiu máis de 1,5 millóns de euros*
- *En Galicia hai 150 comedores xestionados polas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) e atenden a máis de 6.000 escolares*

O Consello vén de aprobar a convocatoria, proposta pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de axudas destinadas a financiar o servizo de comedores escolares xestionados polas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) en centros públicos dependentes da Consellería para o curso 2007-2008. O departamento educativo galego inviste nesta acción un importe de 1 millón de euros. Na actualidade contabilízanse un total de 150 comedores en Galicia xestionados polas ANPAs e que proporcionan o servizo de comedor a máis de 6.000 alumnos. Ademais destes, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria xestiona outros 388 comedores que atenden a máis de 52.000 alumnos.

A finalidade das axudas é a de apoiar e potenciar a prestación dos servizos de comedor escolar nos centros docentes públicos.

As axudas económicas convocadas pola Administración educativa autonómica destínanse para sufragar, en primeiro lugar, o custo diario do menú por comensal e o desenvolvemento de programas de promoción da saúde e habilidades persoais como complemento ao servizo de comedor. Estas axudas tamén financiarán os gastos correntes con motivo da xestión do comedor e os gastos derivados da contratación de persoal que atenda ao alumnado.

A concesión das axudas estará determinada por unha comisión de valoración. Entre os criterios que se terán en conta atópanse a maior implicación dos concellos no financiamento do servizo obxecto de subvención, por exemplo, encargándose da vixilancia do comedor, mediante a concesión de bolsas de servizos sociais ou con achegas económicas. Tamén se valorará o carácter continuado e non ocasional na prestación do servizo, o número de comensais e o programa de promoción da saúde, hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado do comedor. Destes programas valorarase a súa orixinalidade, carácter innovador e creatividade; o seu carácter continuado e non ocasional; a calidade do material aportado; así como o feito de que sexa impartido por persoal cualificado.

As axudas concedidas poderán supoñer ata un máximo do 50% do custo do servizo de comedor. Ditas axudas son compatibles con outras subvencións, ingresos, recursos ou



axudas coa mesma finalidade, coa condición de que o importe total non supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A Consellería de Educación convocou unha liña de axudas a ANPAs por primeira vez en 2006 cun investimento de 1 millón de euros. Para o período xaneiro-xuño de 2007 convocáronse novas axudas aportando o departamento educativo nesta ocasión a cantidade de 570.000.

Ademais, 388 centros terán comedor da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ben a través de xestión directa (314 centros) ou indirecta (74 centros). En canto ao número de comensais, 45.825 serán atendidos en comedores de xestión directa e 7.091 en comedores de xestión indirecta.



EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE 6,2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DA I FASE DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

- *O edificio situarase no polígono de San Paio de Navia, en Vigo, e contará cunha superficie total construída superior aos 6.000 metros cadrados*
- *Este traballo foille adxudicado ao arquitecto Santiago Catalán Tobía, colexiado do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia*

O Consello da Xunta vén de autorizar a contratación da obra de construción da fase I da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, con sede en Vigo (Pontevedra), definida no proxecto redactado polo arquitecto Santiago Catalán Tobía. O importe máximo establecido para esta contratación ascende a un total de 6.272.443,69 euros, distribuído en dúas anualidades: 1 millón de euros en 2007; e 5.272.443,69 euros en 2008.

Esta actuación enmárcase no obxectivo da Administración educativa autonómica de dar un salto cuantitativo e cualitativo importante na implantación das ensinanzas de réxime especial na comunidade galega.

O prazo de execución da obra será de 14 meses. O expediente de contratación tramitarase polo procedemento ordinario e o sistema de adxudicación do contrato realizarase polo procedemento aberto, mediante a forma de concurso.

A ESAD situarase nunha parcela da Rúa Poza Cabalo, no ámbito do Plan parcial de San Paio de Navia, en Vigo, e o conxunto da obra contará cunha superficie total construída de 6.145,15 metros cadrados.

Así, ao edificio que formará a primeira fase da escola accederase a nivel da praza central. Un cortaventos acristalado común levará, por un lado, á cafetería do centro, e, por outro, ao amplo vestíbulo da escola. Ao construír a segunda fase, a cuberta da cafetería será o apoio dunha terraza con acceso directo desde a cafetería como lugar de espaxamento. Neste andar de acceso situarase a zona de administración e os distintos despachos e departamentos; e dous grandes ocos conectarán a planta baixa coa a primeira (a superior) cuxo corredor distribuidor levarase sobre o vestíbulo xeral.

Na zona central da planta de acceso localizarase ademais o ascensor, con capacidade para 8 persoas, os ocos de instalacións e os servizos e aseos xerais, esquema que se repetirá nas plantas baixa e primeira. Por outra banda, no semisoto situaranse os servizos xerais do edificio: área de instalacións, cuarto de limpeza xeral con depósito de carros, vestiarios do persoal e almacén de reserva de residuos.



No baixo estarán situadas as aulas de maior superficie e altura, como as de expresión corporal, interpretación, dirección de escena, etc. Nesta planta situaranse ademais o obradoiro de vestiario e o de caracterización e, ao fondo do corredor cara o norte, producirase a conexión coa fase II da Escola.

Nos andares primeiro e segundo estarán situadas as aulas teóricas (no primeiro) e as aulas de expresión oral e canto xunto coa biblioteca (na segunda planta). Deste xeito, a biblioteca ocupará unha posición de privilexio no segundo andar, suspendido sobre o acceso ao edificio.



O CONTORNO DO CURRO DE SABUCEDO, NA ESTRADA, SERÁ OXECTO DE OBRAS DE MELLORA PARA PRESERVAR O SEU INTERESE TURÍSTICO

- *O Consello da Xunta autorizou un convenio coa Asociación Rapa das Bestas para levar a cabo esta actuación, por importe de 315.000 euros*

A Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación Rapa das Bestas* asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo o acondicionamento do contorno do Campo do Medio de Sabucedo, no concello da Estrada. A achega da Xunta para esta actuación ascende a 315.000 euros.

A mellora e conservación do contorno do Campo do Medio é de vital importancia para o turismo da zona, pois é neste lugar onde se celebran a verbena e demais actos da tradicional Rapa das Bestas.

O obxectivo desta actuación é proceder á dinamización desta área rural e potenciar a celebración da Rapa das Bestas, conservando e valorizando os recursos etnográficos, culturais, paisaxísticos e ambientais da parroquia de San Lourenzo de Sabucedo e, en xeral, da comarca de Tabeirós-Terra de Montes.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 226.000 EUROS A DESENVOLVER ACCIÓNS DE FORMACIÓN EN XESTIÓN DA I+D+I

- *Estas accións enmárcanse no programa 'Aula de Investigación e Innovación' e inclúen conferencias, cursos e seminarios relacionados coa innovación para representantes do mundo empresarial, universitario, organismos de interface, centros de investigación e administracións públicas que traballan na xestión da I+D+I*
- *O Club Financiero de Vigo, a Fundación Empresa-Universidade Galega e o Instituto Tecnolóxico de Galicia son os entes encargados de realizar as actividades*

O Consello da Xunta de Galicia vén de ratificar na súa xuntanza desta mañá un convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e tres entes de intermediación entre o contorno produtivo e o científico: o Club Financiero de Vigo (CFV), a Fundación Empresa-Universidade de Galicia (Feuga) e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), para o desenvolvemento de actividades de formación no ámbito da xestión da I+D+I. Este convenio enmárcase no programa 'Aula de Investigación e Innovación', que coordina a da Consellería de Innovación e Industria. Esta consellería destina 226.000 euros ao financiamento do cento por cento do custo das actividades. Pola súa banda, as tres entidades asinantes encargaranse da organización e difusión das actividades.

O obxectivo do programa 'Aula de Investigación e Innovación' é desenvolver un programa de conferencias, cursos e seminarios que apoiem a formación no ámbito da xestión da I+D+I co fin de contribuír a unha adecuada capacitación dos xestores que traballan en Galicia para que se convirtn en axentes de innovación. As actividades abranguen as seguintes áreas temáticas: xestión da I+D+I, xestión da innovación na empresa, habilidades directivas e xenéricas para xestores de innovación e temas de actualidade en innovación.



O CONSELLO DA XUNTA IMPULSA O DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALEGO DAS TIC, QUE ELABORARÁ A ASOCIACIÓN DE ENXEÑEIROS DE TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA

- ***A Consellería de Innovación e Industria dedicará un investimento de 167.040 euros para levar a cabo esta iniciativa***

A Consellería de Innovación e Industria asinará un convenio de colaboración coa *Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación* de Galicia para a realización do *Diccionario Enciclopédico Galego das TIC*, que incluíra os termos e definicións conceptuais que configuran o universo das tecnoloxías da información e das comunicacións. O desenvolvemento deste diccionario precisará un investimento de 167.040 euros, achega que será asumida integramente pola consellería.

Trátase dun proxecto que contará coa colaboración técnica e científica da Escola Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo e a colaboración lingüística da Real Academia Galega.

A produción do dito diccionario desenvolverase en tres anos, aloxarase nos dominios da Internet da asociación citada da Real Academia Galega, actualizándose de xeito permanente, e crearanse no seu contorno grupos de traballo para o desenvolvemento conxunto da lingua e das tecnoloxías.

Asemade, celebraranse catro seminarios lingua-tecnoloxía en cidades galegas, co propósito de difundir este proxecto a través dos medios de comunicación e incorporar, ao mesmo tempo, personalidades locais dos ámbitos de interese.

Esta iniciativa responde ao interese da consellería por que as comunidades profesionais tecnolóxicas e empresariais, así como alumnos e profesores do ensino en bacharelato e na universidade dispoñan de ferramentas lingüísticas que permitan expresar e entender na lingua propia todos os termos e conceptos que definen as TIC e a sociedade da información.

APROBADO O REMATE DA URBANIZACION E DOTACIÓN DE SERVIZOS DO PARQUE EMPRESARIAL DE PENAPURREIRA

- *O Consello da Xunta aproba unha partida de máis de 6 millóns de euros para urbanizar e dotar de servizos as fases I e II deste parque empresarial das Pontes de García Rodríguez no presente ano 2007*

A Consellería de Innovación e Industria colaborará con Xestur A Coruña co obxectivo de completar o proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira, no concello coruñés das Pontes de García Rodríguez, segundo o autorizou esta mañá o Consello da Xunta.

As actuacións previstas, consistentes en desenvolver as obras necesarias para urbanizar e dotar de servizos os terreos do parque de Penapurreira nas súas fases I e II, contan cun orzamento total de 6.030.677 euros, achegado pola Consellería de Innovación e Industria. Este investimento tamén permitirá adquirir terreos de predios remanentes para completar a superficie do parque empresarial xa adquirida por Xestur A Coruña.

As obras do proxecto de remate do parque empresarial de Penapurreira estarán executadas neste mesmo ano 2007.



A XUNTA FOMENTARÁ A DINAMIZACIÓN E MODERNIZACIÓN DO SECTOR MINEIRO E A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS MEDIANTE UN CONXUNTO DE ACTIVIDADES FORMATIVAS

- *Oito colectivos profesionais asinarán un convenio de colaboración co Goberno galego para beneficiarse dun paquete de actuacións dotado con 339.796 euros*

A Consellería de Innovación e Industria fomentará a dinamización e modernización do sector mineiro e poñerá en funcionamento accións formativas coas que divulgar e fomentar a prevención de riscos laborais no sector da minaría, en especial os derivados do po e do ruído. O orzamento destas medidas, autorizadas hoxe polo Consello da Xunta, ascende a 339.796 euros.

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando X. Blanco, asinará con este fin un convenio de colaboración coa totalidade das asociacións relacionadas cos sectores de minerais non metálicos e augas minerais, posto que son as mellores intermediarias para acadar os ditos obxectivos nas empresas do sector, que son as beneficiarias últimas destas accións.

As asociacións asinantes son a *Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia*, a *Asociación Gallega de Fabricantes de Maquinaria para Piedra*, a *Asociación Galega de Graniteiros*, a *Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense*, a *Asociación Gallega de Pizarristas*, a *Asociación para el Fomento de la Investigación Cerámica en Galicia*, a *Asociación Galega de Áridos* e a *Asociación de Canteiras de Galicia*.

Entre as numerosas actuacións para levar a cabo polas ditas asociacións no marco do presente convenio encádranse a asistencia a varias feiras e encontros internacionais do sector e a celebración de diferentes xornadas divulgativas e seminarios sobre cuestións relacionadas coa seguridade laboral. Asemade, cómpre salientar a creación dun directorio de empresas do sector do granito da provincia de Ourense e a instalación de sismógrafos para a medición de vibracións producidas por voaduras nas canteiras do Porriño.

O GOBERNO GALEGO DECLARA A UTILIDADE PÚBLICA DAS ZONAS DE MONTES VECIÑAIS DE ANDRÁS E TREMOEDO PARA EXECUTAR O PROXECTO DE ALONGAMENTO E MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL- 9701 AO SEU PASO POR VILANOVA DE AROUSA

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a prevalencia de utilidade pública e interese social do proxecto de alongamento e mellora da estrada provincial- 9701 no Concello de Vilanova de Arousa, sobre o uso propio dos montes comunais, segundo acordou o Consello da Xunta. En concreto, trátase do treito Baión-András ao seu paso polos montes veciñais en man común de András e Lobeira e outros.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe positivo da Delegación Provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lles comunicara o expediente ás comunidades afectadas e logo de resolver unha alegación, matizando que o predio nº 1251 da Comunidade de Tremeodo, de propiedade exclusiva, non formaba parte da zona ocupada. Así, infórmase favorablemente a prevalencia de utilidade pública e interese social do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie afectada de 13.460 m².

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de vías de comunicación e implica a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes para os fins de expropiación, de ocupación temporal ou de modificación de servidumes.

En total, veranse afectados 6.750 metros cadrados da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de András; 3.850 metros cadrados da CMVMC de Tremeodo e 2.860 m² da CMVMC de András-Tremeodo.

O PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL INVESTIRÁ MÁIS DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS PARA MELLORAR DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO EN QUINCE CONCELLOS

A Xunta de Galicia desenvolverá unha nova fase do Programa Estratéxico de Infraestruturas (PEIM), de acordo con proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura de convenios, a través da Consellería do Medio Rural, con quince concellos para a execución de proxectos cun investimento plurianual de 1.758.240 euros.

O Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; das infraestruturas de servizos básicos como abastecemento de auga domiciliaria, os saneamentos, as pontes, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería.

Nesta terceira fase de 2007 investiranse 1.758.240 euros, repartidos en tres anualidades, nos seguintes concellos: Val do Dubra, Porto do Son, O Barco de Valdeorras, Beade, Lobios, Pontearreas, Friol, Melide, Toques, Riotorto, Bergondo, Ribeira, Chantada, Quiroga e Viveiro.

Ademais, asinouse unha addenda de modificación do convenio de colaboración co Concello de Val do Dubra, por valor de 94.731 euros para a anualidade consignada en 2007, para un proxecto de mellora de infraestruturas rurais.

O PEIM naceu co fin de racionalizar, mediante a introdución de criterios obxectivos acordados coa Fegamp, os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



UN CONVENIO CO CENTRO NACIONAL DE INFORMACIÓN GEOGRÁFICA PERMITIRÁ ACTUALIZAR O SISTEMA DE INFORMACIÓN SOBRE OCUPACIÓN DO SOLO

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio co Centro Nacional de Información Geográfica para o desenvolvemento do sistema de información sobre ocupación do solo (SIOSE) cun modelo de datos que inclúe cobertura e uso do solo e que comprende a variada realidade física de ocupación do territorio no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia mediante un enfoque multidisciplinar. O investimento será de 317.995 euros, distribuídos en tres anualidades, segundo acordou o Consello da Xunta.

O convenio recolle que a Consellería do Medio Rural se encargará da interpretación, captura, edición e validación de datos en materia de ocupación de solo relativos ao seu territorio, conforme ao plan de traballo establecido pola comisión de seguimento. A Consellería designará un director/coordinador dos traballos cos obxectivos de xestionar o proxecto de acordo coas directrices do Instituto Geográfico Nacional, de organizar os procesos de fotointerpretación e edición de datos, de participar na coordinación coas comunidades autónomas limítrofes e nas reunións do SIOSE.

Pola súa parte, o Instituto Geográfico Nacional terá, entre as súas funcións, a da xestión técnica do proxecto, a coordinación do calendario de actividades, a preparación dos termos de referencia do proxecto SIOSE, a redacción das normas metodolóxicas para a realización da base de datos, a obtención dos produtos finais de ámbito estatal e o control final de calidade e de avaliación da base de datos, entre outras.



A XUNTA FOMENTARÁ O APROVEITAMENTO DA SUPERFICIE AGRARIA E FORESTAL E A MELLORA DA CALIDADE DAS PRODUCIÓNS GANDEIRAS MEDIANTE A COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA

- *A Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia-Boaga asinarán un convenio para implantar explotacións silvopastorís en montes veciñais en man común e superficies agrarias abandonadas para o aproveitamento gandeiro*
- *O investimento previsto é de 170.000 euros repartidos en tres anualidades, segundo acordou o Consello da Xunta.*

A Consellería do Medio Rural asinará un convenio coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia-Boaga para emprender un proxecto de colaboración que dinamice o medio rural e estableza explotacións silvopastorís de carácter extensivo en montes veciñais en man común e terras agrícolas abandonadas. A finalidade é a de aproveitar estes espazos con gando vacún de raza autóctona para incrementar o emprego na actividade agraria e mellorar a calidade das producións gandeiras.

Coa sinatura deste convenio, o Goberno galego pretende aumentar a incorporación de mozos á actividade agraria, mellorar a calidade das producións gandeiras, fomentar a sustentabilidade das producións agrogandeiras e ordenar o territorio a través do aproveitamento racional de superficies agrarias ou de montes veciñais en man común que están infrautilizados.

As liñas de actuación que se pretenden pór en funcionamento tras a sinatura do acordo de colaboración entre Medio Rural e Boaga son:

- Desenvolver proxectos que dinamicen o aproveitamento de recursos en zonas desfavorecidas por parte de animais de razas autóctonas.
- Comprobar a situación actual dos montes veciñais en man común e a posibilidade do aproveitamento por razas gandeiras autóctonas.
- Valorar o potencial produtivo deste montes para manter rabaños destes animais.
- Identificar as zonas aptas para a implantación de explotacións gandeiras en réxime extensivo e cunha base territorial apta para o silvopastoreo.
- Prestar apoio técnico para promover o aproveitamento silvopastoril de montes veciñais en man común e superficies agrarias en estado de abandono.
- Realizar accións de formación dos gandeiros.
- Difundir e favorecer o intercambio de experiencias de implantación de explotacións gandeiras en réxime extensivo entre os seus asociados e todos os que estean interesados en incorporarse á actividade agraria.
- Recompilar e tratar a información obtida nas explotacións, facendo chegar os resultados á consellería e aos gandeiros.



Para realizar estas liñas de actuación, a consellería ten previsto investir 170.000 euros repartidos en tres anualidades: 40.000 para 2007, 65.000 para 2008 e 65.000 para 2009.

O aproveitamento gandeiro do monte veciñal en man común realizarase con razas autóctonas porque son as que presentan unha maior adaptación ao lugar. Ademais, deste xeito, preténdese manter o censo gandeiro das razas propias e potenciar unha actividade de cría gandeira en zonas onde é necesario o mantemento da poboación no medio rural. Desta forma pódese compaxinar o aspecto económico co mantemento da tradición galega no tocante ao aproveitamento da riqueza dos montes veciñais.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A DESTINAR 66,5 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR A ACTIVIDADE ASISTENCIAL QUE POVISA REALIZA PARA A SANIDADE PÚBLICA

- *A cláusula do concerto autorizada hoxe establece os obxectivos de calidade asistencial para este ano que debe de cumprir o centro asistencial de Vigo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a cláusula adicional trixésimo cuarta do concerto establecido entre o Servizo Galego de Saúde e o Hospital Povisa S.A. Nesta cláusula fíxanse as tarifas da actividade asistencial ordinaria para o Servizo Galego de Saúde ao longo deste ano, fíxase un importe máximo anual, establécense os obxectivos da calidade asistencial e recóllense as tarifas desta actividade que vai realizar o centro vigués para o Servizo Galego de Saúde.

Segundo o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, o importe máximo do concerto con cargo á actividade ordinaria do centro vigués para o ano 2007 é de 66.516.022,45 euros.

Así mesmo, o texto prevé que Povisa debe establecer un programa de mellora do proceso asistencial cos obxectivos específicos e os plasmará nun Plan de Calidade anual do centro. Con este plan búscase unha mellora continua da calidade da atención sanitaria para os beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde.

O centro concertado vigués remitiralle ao Servizo Galego de Saúde a información que acredite a implantación efectiva dos programas de garantía de calidade e os datos de actividade para seguimento do concerto.

Este concerto foi asinado o 29 de decembro de 2000 para a prestación de asistencia sanitaria especializada para a poboación da área de saúde de Vigo. Esta área correspóndese con 125.000 habitantes (excluindo aos menores de 14 anos e asegurados desprazados). Grazas a este concerto, o departamento que preside María José Rubio Vidal dá un paso máis para acadar uns servizos de óptima eficacia e calidade, obxectivo que persegue sempre a Administración sanitaria.



PESCA ACHEGA 270.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DA ANTIGA FÁBRICA DE CONSERVAS GODAY DA ILLA DE AROUSA

- *A través dun convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello da Illa de Arousa realizaranse as obras necesarias para a posta en marcha das actividades museísticas e divulgativas neste centro*
- *A Consellería cumpre así co seu cometido de divulgación das materias relacionadas coa pesca, o mar e as actividades marítimo pesqueiras*

O Consello do Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Concello da Illa de Arousa para a realización das obras de acondicionamento do edificio da antiga fábrica de Conservas Goday para actividades museísticas e de divulgación sobre o mar e a pesca. Este edificio, de propiedade municipal e que forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, atópase situado na rúa Palmeira, nº 25 desta localidade arosá.

A través deste convenio, o departamento que dirixe Carmen Gallego entregara un total de 270.000 euros para o acondicionamento final do edificio que permitirá pór en marcha, canto antes, as actividades que se prevén realizar nel. O financiamento para a execución das obras distribuírse en dúas anualidades: 2007 e 2008.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ten entre as súas competencias as relativas á divulgación en materias referidas á pesca, ao mar e ás actividades marítimo-pesqueiras. De feito, no programa de actuacións para a vixente lexislatura promóvese desde este departamento autonómico a necesidade de dotar de pequenos centros de divulgación os portos do litoral con tradición pesqueira, que cumpran a función de dar a coñecer a realidade do mundo do mar, potencien o recoñecemento social do pescador, favorezan as prácticas de pesca responsable e fomenten o consumo dos produtos pesqueiros de calidade da frota artesanal.

Ademais, a intención da consellería é colaborar e cooperar con aquelas entidades que, como o Concello da Illa de Arousa, desenvolvan accións de divulgación mediante centros permanentes, que programen e executen actividades ao longo de todo o ano. Así, a colaboración para o proxecto de acondicionamento da antiga conserveira Goday cumpre cos obxectivos marcados polo departamento de Pesca e por este motivo é apoiado.

A vixencia do convenio de colaboración que asinarán ambas as dúas administracións non poderá exceder o 30 novembro de 2008. Enténdese que antes desta data as obras deberán estar rematadas e ter a conformidade da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORAN NO DESENVOLVEMENTO DA XVIII EDICIÓN DO CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS

- *Esta colaboración concrétase na sinatura dun convenio entre ambas entidades, para desenvolver durante o curso académico 2007-2008, cuxa dotación total ascende a 74.118 euros*
- *O obxectivo deste curso, no cal participarán un máximo de 75 alumnos, é afondar e promover as actividades docentes relacionadas co mundo laboral, a formación e a especialización de profesionais do dereito laboral*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da XVIII edición do Curso superior de relacións laborais.

Esta actividade levarase a cabo ao longo do curso académico 2007-2008, no Campus Universitario de Santiago de Compostela e contará cun orzamento de 74.118 euros. O número máximo de participantes é de 75 alumnos, que recibirán un diploma acreditativo sempre e cando superen no 80% das unidades docentes deste curso.

O director destas actividade formativa será o catedrático de dereito do traballo na Facultade de Dereito da USC; Javier Gárate Castro.

A realización da décimo oitava edición do Curso superior de relacións laborais ten por obxectivo a afondar e promover as actividades docentes relacionadas co mundo laboral, a formación e a especialización de profesionais do dereito laboral e a cultura do mundo do traballo.

O curso vai dirixido a persoas licenciadas en ciencias económicas, empresariais e dereito. Tamén poderán participar as persoas diplomadas en relacións laborais e os cadros de organizacións empresariais e sindicais, así como aquelas persoas que desempeñen tarefas de xestión de recursos humanos.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO AMPLÍA O SEU ACORDO CO COLEXIO DE APARELLADORES DE LUGO PARA A SUPERVISIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN SUBVENCIONADAS NA PROVINCIA

- *A importante demanda rexistrada na provincia de Lugo fixo aumentar a previsión inicial de 470 a 970 visitas previas ás obras de rehabilitación de vivendas*
- *O Consello da Xunta aproba o incremento ata 164.860 euros do importe do convenio*
- *O obxectivo das inspeccións é prestarlles asesoramento técnico aos propietarios e controlar a calidade das obras de rehabilitación das vivendas que se renoven con recursos públicos*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o incremento ata 164.860 euros do importe do convenio asinado co Colexio de Aparelladores de Lugo, o pasado mes de maio, para supervisar as obras de rehabilitación subvencionadas pola Consellería de Vivenda e Solo nesta provincia.

A importante demanda de inspeccións previas rexistrada na provincia de Lugo para levar a cabo obras de rehabilitación fixo aumentar a previsión inicial de 470 a 970 visitas deste tipo, mentres se mantén o número de 550 visitas de supervisión e inspección durante o desenvolvemento das obras. Isto supón tamén un incremento do importe do convenio co Colexio Oficial de Aparelladores de Lugo de 64.000 euros máis, pasando dos 100.860 euros iniciais a 164.860 euros.

A Consellería de Vivenda e Solo asinou o pasado mes de maio convenios de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e cos colexios oficiais de aparelladores das catro provincias galegas co obxectivo de prestar asesoramento técnico aos propietarios que decidan iniciar obras de rehabilitación nas súas vivendas e controlar a calidade das obras que se sufraguen con recursos públicos.

O número total de visitas en Galicia, tanto previas ás obras coma de supervisión e inspección, será de 3.450. Por provincias, os técnicos realizarán 804 visitas na Coruña, 1732 en Lugo, 602 en Ourense e 412 en Pontevedra. En canto ao importe achegado pola consellería aos colexios de aparelladores o total será de 406.625 euros, dos que 164.860 euros irán destinados á provincia de Lugo, 36.700 euros a Pontevedra, 56.400 euros a Ourense, 72.290 euros á Coruña e 76.375 euros ao COAG.

A Consellería de Vivenda e Solo quere garantir a calidade das actuacións realizadas en materia de rehabilitación e renovación comprobando, mediante a supervisión dos técnicos, que se elixen as solucións arquitectónicas e construtivas máis acaídas para cada vivenda. Deste xeito, antes de iniciar as obras, un técnico desprázase á vivenda



para analizar o proxecto arquitectónico, en caso de obras maiores, ou as obras que se teña previsto executar para mellorar as condicións da vivenda, como renovación da cuberta, carpintaría exterior e outros, para comprobar que son as máis axeitadas ás necesidades de rehabilitación da vivenda.

Os técnicos asesoran o propietario en ambos os casos, naquelas vivendas ou inmobles que están situados no medio rural ou en conxuntos ou núcleos históricos que non estean dotados de oficina municipal de rehabilitación.

A Consellería de Vivenda e Solo, a través das delegacións provinciais, solícitalles aos colexios oficiais de arquitectos e aparelladores a designación dun técnico para supervisar cada unha das actuacións. As visitas concértanse previamente e asisten, xunto co técnico seleccionado, o promotor, o autor do proxecto e o contratista da obra.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 60.000 EUROS PARA FINANCIAR UN MESTRADO DE ESTUDOS XURÍDICOS SOBRE VIVENDA E SOLO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 60.000 euros para financiar un mestrado en estudos xurídicos sobre vivenda e solo na Universidade da Coruña. A Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade da Coruña asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destes estudos de posgrao na Facultade de Dereito.

Este mestrado oficial en asesoramento xurídico empresarial incluírá especialidades en dereito inmobiliario e da construción, dereito urbanístico e dereito ambiental. O convenio coa universidade inclúe a creación na Facultade de Dereito dun seminario Permanente de Estudos Xurídicos sobre Vivenda e Solo, baixo a dirección dos responsables de dereito administrativo da universidade coruñesa.



O GOBERNO GALEGO AUTORIZA O INICIO DA TRAMITACIÓN PARA ELABORAR O PRIMEIRO PLAN SECTORIAL DE SOLO RESIDENCIAL PARA VIVENDA PROTEXIDA DE GALICIA

- *Este instrumento permitirá planificar nun horizonte de 10 anos o solo destinado a vivenda protexida en función da demanda*
- *A elaboración deste plan responde ao estipulado na Lei de medidas urxentes de ordenación do territorio e protección do litoral*
- *O plan sectorial incluírá a proxección de vivenda protexida e as correspondentes infraestruturas e servizos básicos unidos aos novos desenvolvementos*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o inicio da tramitación para elaborar o primeiro *Plan sectorial de solo residencial para vivenda protexida de Galicia*, un instrumento que permitirá planificar o solo destinado a vivenda protexida nun horizonte temporal de 10 anos, en función da demanda social e con independencia da situación en que se atopen os plan xerais de ordenación municipal. Coa elaboración deste plan dáse cumprimento o disposto na Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e protección do litoral de Galicia.

Este *plan sectorial*, o primeiro do Estado, incidirá na dispoñibilidade de solo destinado a uso residencial, igual que a modificación da *Lei do solo*, que suporá un incremento de ata o 40% da porcentaxe de solo reservado para vivenda protexida nos concellos de máis de 20.000 habitantes, e a modificación da *Lei do territorio*, que inclúe a posibilidade de elaborar plans sectoriais de solo residencial de incidencia supramunicipal sen necesidade de que o planeamento xeral do municipio recolla bolsas de solo para este fin.

O *plan sectorial* fixará os ámbitos susceptibles de albergar vivenda protexida en toda Galicia, con especial incidencia nas grandes cidades e áreas metropolitanas e nas cabeceiras de comarca e concellos con maior desenvolvemento económico e demográfico. Ademais, terá en conta a distribución diversificada dos diferentes tipos de vivenda protexida nun mesmo ámbito, co obxectivo de favorecer a mestura de rendas sociais e evitar a concentración excesiva en determinadas áreas.

Este documento de planificación tamén determinará as correspondentes infraestruturas e servizo básicos unidos aos novos desenvolvementos, é dicir, as reservas mínimas para conexións viarias exteriores e interiores de cada ámbito en que se desenvolva a vivenda protexida, así como as reservas para a dotación das redes de saneamento, abastecemento de auga, enerxía eléctrica e zonas verdes, e terá en conta a implantación de servizos públicos como o transporte.



AS CONSELLERÍAS DE VIVENDA E SOLO E INNOVACIÓN E INDUSTRIA FINANCIAN CON 873.740 EUROS A MELLORA DO PARQUE EMPRESARIAL DO POUSADOIRO, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 873.740 euros por parte das consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria para financiar a mellora das infraestruturas do Parque Empresarial do Pousadoiro, no Concello de Vilagarcía. A actuación consistirá fundamentalmente na mellora da subministración eléctrica deste parque empresarial.

Este investimento queda plasmado nun convenio de colaboración entre ambos os departamentos e o Concello de Vilagarcía de Arousa, convenio que será asinado nos próximos días.

O Concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.

Na actualidade este parque ten unha superficie total de 210.749 metros cadrados, dos cales se destinan a uso industrial e comercial 121.547 metros cadrados un total de 16 parcelas, todas elas vendidas.

A Consellería de Vivenda e Solo ten prevista unha ampliación de 450.000 novos metros cadrados de solo no Parque Empresarial do Pousadoiro. Neste momento, está aberto o procedemento de contratación por concurso público dos traballos técnicos previos e dos proxecto sectorial e de urbanización desta ampliación, cun orzamento de licitación de 400.000 euros e un prazo máximo de execución de 4 meses. Tras a execución desta ampliación, o parque disporá dun total de 633.424 metros cadrados brutos de solo empresarial.



VIVENDA E INNOVACIÓN IMPULSAN MELLORAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE MAZARICOS POR IMPORTE DE 313.186 EUROS

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 313.186 euros por parte das consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria para financiar a mellora das infraestruturas do parque empresarial de Mazaricos. A actuación consistirá fundamentalmente na urbanización da zona industrial deste parque.

Este investimento quedará plasmado nun convenio de colaboración entre ambos os departamentos e o Concello de Mazaricos, convenio que será asinado nos próximos días.

O Concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.



AS CONSELLERÍAS DE VIVENDA E SOLO E INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINAN 171.929 EUROS A MELLORAR O PARQUE EMPRESARIAL DO CAMPIÑO

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 171.929 euros por parte das consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria para financiar a mellora das infraestruturas da 1ª fase do Parque Empresarial do Campiño. A actuación consistirá fundamentalmente na mellora da subministración eléctrica deste parque empresarial.

Este investimento queda plasmado nun convenio de colaboración entre ambos os departamentos e o Concello de Ponte Caldelas, convenio que será asinado nos próximos días.

O concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.

O Parque Empresarial do Campiño conta cunha superficie total de 412.331 metros cadrados, dos que 262.753 metros cadrados son de uso empresarial, 14.779 metros cadrados de uso social e deportivo, 56.841 metros cadrados de zonas verdes e o resto, 77.099 metros cadrados para vías e aparcamentos. Este parque conta con 86 parcelas cun tamaño que oscila entre os 856 e os 28.205 metros cadrados de superficie. A 1ª fase ocupa unha superficie neta industrial de 207.666 metros cadrados.



VIVENDA E SOLO E INNOVACIÓN E INDUSTRIA INVISTEN 318.500 EUROS NA MELLORA DO PARQUE EMPRESARIAL DE ORTIGUEIRA

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 318.500 euros por parte das consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria para financiar a mellora das infraestruturas do parque empresarial de Ortigueira. A actuación consistirá fundamentalmente na rexeneración dun noiro e na reparación do val con ampliación de superficie do parque empresarial.

Este investimento queda plasmado nun convenio de colaboración entre ambos os departamentos e o Concello de Ortigueira, convenio que será asinado nos próximos días.

O concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.

O Parque Empresarial de Rega-Cuíña, no Concello de Ortigueira, ten unha superficie total de 233.000 metros cadrados, dos que 134.000 son de uso industrial e comercial, 7.000 metros cadrados de uso social e deportivo, 26.300 metros cadrados de zonas verdes e o resto para vías e aparcamentos. Este parque dispón de 106 parcelas comercializables cunha superficie de entre 1.000 e 1.500 metros cadrados.



AS CONSELLERÍAS DE VIVENDA E INOVACIÓN FINANCIAN CON 227.500 EUROS A MELLORA DO PARQUE EMPRESARIAL DE MELIDE

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe un investimento de 227.500 euros por parte das consellerías de Vivenda e Solo e Innovación e Industria para financiar a mellora das infraestruturas do parque empresarial de Melide. A actuación consistirá fundamentalmente na mellora da subministración eléctrica e instalación dunha depuradora modular neste parque.

Este investimento queda plasmado nun convenio de colaboración entre ambos os departamentos e o Concello de Melide, convenio que será asinado nos próximos días.

O Concello asume o compromiso de levar a cabo todas as actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios.

Neste momento a Consellería de Vivenda e Solo está a executar as obras de urbanización da 2ª fase do Parque Empresarial de Melide, para o que o investimento ascende a 1.366.200 euros. A superficie desta 2ª fase é de 67.507 metros cadrados, dos que 57.844 m² serán de uso empresarial e 9.663 metros cadrados para o sistema viario e aparcamentos.

A superficie destinada a uso empresarial distribuirase en 39 parcelas cunha superficie que oscila entre 702 e 3.275 metros cadrados, das que catro serán cedidas ao Concello de Melide e as 35 restantes poranse á disposición das empresas interesadas en instalarse neste parque.

Unha vez executada esta ampliación, o parque empresarial de Melide terá unha superficie total de 142.513 metros cadrados, dos cales se dedican a uso industrial e comercial 81.402 metros cadrados e quedan reservados para equipamentos sociais, zonas verdes, equipamentos deportivos, sistema viario e aparcamentos os 61.111 metros cadrados restantes. Este parque terá en total 74 parcelas cunha superficie de entre 624 e 2.993 metros cadrados.



O GOBERNO GALEGO VAI PROMOVER UNHA LEI DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE VIVENDA QUE ESTABLECE NO 40% A PORCENTAXE MÍNIMA QUE SE DESTINARÁ A VIVENDA PROTEXIDA EN CONCELLOS DE MÁIS DE 20.000 HABITANTES

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e Vivenda e Solo sobre a norma que o Parlamento aprobará antes de fin de ano*
- *Crease unha bolsa de solo de titularidade autonómica coa cesión obrigatoria do 5% do solo urbanizable de cada eido, que será xestionado pola Consellería de Vivenda para construír vivenda pública en aluguer*

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá un informe das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e de Vivenda e Solo que dá conta do contido do anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo que prepara o executivo autonómico. Trátase dun conxunto de medidas que serán incorporadas a actual Lei do solo de Galicia pola vía da modificación de 8 artigos desta Lei. O obxectivo destas medidas é incrementar o solo destinado a vivenda protexida e favorecer o acceso a unha vivenda de calidade ao conxunto da cidadanía.

Actualmente, a reserva de solo que debe incluírse nos plans xerais de ordenación municipais para vivenda protexida é do 20%. Unha vez aprobadas as modificacións, a porcentaxes mínimas de reserva serán as seguintes: 30% de reserva nos Concellos con menos de 20.000 habitantes e 40% de reserva nos Concellos con máis de 20.000 habitantes. Estas porcentaxes serán de aplicación en todos os solos urbanos non consolidados e nos solos urbanizables delimitados. Ademais o 50% de reserva de solo en todos os solos urbanizables non delimitados en todos os Concellos incorporase a obriga de construír as vivendas protexidas ao mesmo tempo que a vivenda de prezo libre, algo que non prevé a actual redacción da Lei do Solo. Neste sentido, contemplase que o prazo que se fixe para cumprir os deberes de edificación das vivendas con protección pública non poderá ser superior aos que se fixen para edificar as vivendas libres.

Xunto ao incremento das porcentaxes de solo para vivenda protexida que constrúe o sector privado, incorporase á Lei un mecanismo que permite crear unha bolsa de solo de titularidade autonómica para vivenda pública promovida pola Xunta. En concreto, inclúese nesta modificación da Lei que o 5% do solo urbanizable con uso residencial será cedido para construír vivenda protexida. Esta vivenda sempre será de titularidade pública e se ofertará exclusivamente en réxime de aluguer ás rendas con máis dificultades.



Ata agora, cando a Consellería de Vivenda promove vivenda protexida ten que adquirir o solo por compra, por expropiación ou depende das cesións dos concellos. Con esta medida, establecece un mecanismo que permite crear unha bolsa de solo de patrimonio autonómico, -gratuíto e sen cargas-, sen restar edificabilidade lucrativa, que será xestionado pola Consellería de Vivenda.

50% do patrimonio municipal de solo para vivenda protexida

A modificación da Lei do Solo establece a obrigatoriedade de que todos os Concellos destinen o 50% do patrimonio municipal de solo á construción de vivenda con algún tipo de protección, e queda derogado o artigo 236.2 do texto actual que permitía aos promotores substituír a cesión de solo para vivenda protexida polo pagamento dunha cantidade en metálico.

As reservas de solo para a construción de vivendas protexidas deberán localizarse evitando unha excesiva concentración, co obxectivo de favorecer a necesaria cohesión social, impedindo que os novos ensanches e barrios das cidades se separen por niveis de renda.

ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNÁNDEZ, NOMEADO SECRETARIO XERAL E DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Nacido en Valdoviño (A Coruña) en 1966. Casado e pai de dous fillos. E licenciado e doutor en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ampliou os seus estudos de doutoramento na Universidade de Bolonia e na Escola de Administración Pública de Cataluña.

Cunha ampla experiencia en materia de formación ten participado e dirixido numerosos cursos de formación de funcionarios, mestrados e congresos.

A súa actividade investigadora centrouse, fundamentalmente, no estudo do dereito local, do réxime xurídico dos funcionarios públicos e dos dereitos lingüísticos. Froito da mesma é a publicación de catro monografías e numerosos artigos en revistas da especialidade e en obras colectivas. Entre as últimas publicacións pode salientarse a participación na obra *Estatuto xurídico da lingua galega* editada por xerais ou a coordinación dos dous volumes de análise do dereito como feito diferencial de Galicia editados polo Museo do Pobo Galego.

Actualmente é profesor titular de dereito administrativo da USC, e director da Escola Universitaria de Relacións Laborais. Foi Director do Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado entre 1999 e 2005, e membro da ponencia redactora dos estatutos da USC.

No ámbito da xestión, Ferreira Fernández colabora actualmente con diversas administracións públicas en actividades relacionadas coa xestión dos recursos humanos e a elaboración de propostas normativas.

Membro, por designación parlamentaria, da Xunta Electoral de Galicia e tamén do padroado do Museo do Pobo Galego.